

**TES DÚBIDAS SOBRE
RISCOS E
MEDIDAS ANTE
ALTAS
TEMPERATURAS?**

**UGT RESPONDE
ÀS TÚAS PREGUNTAS**

ANTE AS TEMPERATURAS EXTREMAS TES DEREITOS

A exposición a altas temperaturas aumentan os riscos e as posibilidades de sufrir accidentes de traballo, do mesmo xeito que aumentan os riscos de agravar patoloxías previas. Por iso, é esencial saber cales son as obrigacións da empresa e coñecer os teus dereitos

Avaliar riscos e tomar medidas

As empresas deben **cumprir coa normativa** e garantir a seguridade e a saúde das persoas traballadoras fronte á exposición a fenómenos meteorolóxicos adversos.

Como?

En primeiro lugar, realizando unha **avaliación de riscos** que teña en con-

ta as peculiaridades da tarefa que se desenvolve e as características persoais ou estado biolóxico da persoa traballadora.

Despois, cos datos obtidos da avaliación de riscos deberán tomar as **medidas adecuadas** para protexer aos traballadores e traballadoras.

Formar e informar ás persoas traballadoras

A empresa ten a obrigaón de **formar e informar** sobre os riscos da exposición a fenómenos meteorolóxicos adversos e acerca de procedementos seguros de traballo ante as temperaturas extremas.

Ademais, durante as **alertas laranxa ou vermella**, e cando as medidas an-

teriores non garantan a seguridade das persoas traballadoras, será obrigatoria a **adaptación das condicións de traballo** con reducións ou modificacións de xornada ou mesmo a prohibición de desenvolver determinadas tarefas sen que isto teña repercusión algunha no salario.

QUE FACER EN CASOS DE CALOR EXTREMA?

1 Nos traballos que se desenvolven en interior, a empresa está obrigada a manter unha temperatura adecuada.

2 En traballos ao aire libre, entre outras medidas preventivas, debe facilitar aos traballadores e traballadoras roupa transpirable e lixeira, ade-

mais de elementos que protexan do sol, como crema solar e lentes.

3 Tamén debe proporcionar auga e habilitar zonas de descanso en sombra.

4 Así mesmo, débense establecer **pausas periódicas** e evitar o traballo en solitario.

■ QUE FACER EN EPISODIOS DE BAIXAS TEMPERATURAS? ■

En ambientes interiores algunhas medidas que pode adoptar a empresa son, por exemplo:

- Instalar sistemas de calefacción ou illamento térmico.
- Illar as partes moi frías dos procesos ou equipos para evitar o contacto cos mesmos.
- Colocar difusores nos sistemas de distribución de aire.

En ambientes exteriores, as posibles medidas preventivas serían:

- Organizar os traballos tendo en conta a previsión meteorolóxica.
- Facilitar axudas mecánicas para reducir os traballos manuais.
- Controlar a exposición ás baixas temperaturas.
- Vestir roupa de protección adecuada.
- Evitar traballos en solitario ou illados.
- Realizar pausas en lugares habilitados que dispoñan de calefacción.
- Ter precaución ante a posible caída da neve acumulada en tellados e cornixas.

■ Adaptar a normativa á nova realidade climática ■

É fundamental adaptar os postos de traballo á nova realidade climática e que a normativa en materia de prevención de riscos, vixente desde hai 30 anos e que se está actualizando na mesa de Diálogo Social, sexa modificada e contemple os novos modelos climáticos.

A PREVENCIÓN SALVA VIDAS

Se a empresa non respecta os teus dereitos, contacta co sindicato ou aco-de á Inspección de Traballo. Porque a prevención de riscos salva vidas.



www.ugt.es

| @ugt_comunica    |

